

Os animais e as plantas reproducense

Os animais e as plantas teñen dúas formas de reprodución: **sexual** ou **asexual**.

- A **reproducción sexual**, para levarse a cabo, require a unión de dous seres de distinto sexo: un exemplar de sexo masculino e outro de sexo feminino.
 - A maioría dos **animais** reproducense sexualmente. Segundo a súa forma de nacer, poden ser **ovíparos**, cando nacen dun ovo, ou **vivíparos**, se nacen do ventre da nai.
 - Moitas **plantas** tamén se reproducen **sexualmente**, pois nas flores existe unha parte masculina e outra feminina, e nacen a partir de sementes.
- A **reproducción asexual** non require a unión de dous seres para conseguir descendencia, senón que só participa un individuo.
 - Algúns **animais** reproducense deste xeito, coma as estrelas de mar, que poden facelo a partir dun só brazo.
 - Moitas **plantas**, coma os xeranios, poden medrar a partir dunha soa folla ou dun anaco de talo.



Amplia

Os ciclos vitais

Todos os seres vivos nacen, crecen, reproducense e morren. Este proceso denomínase **ciclo vital**.

Existen ciclos vitais sinxelos, coma o humano, no que o acabado de nacer é parecido ao adulto, e tamén outros máis complicados, nos que o acabado de nacer é moi diferente do adulto. Un exemplo de ciclo vital complexo é o da ra: o cágado non se parece apenas á ra adulta.


- Busca información sobre os ciclos vitais dalgúns seres vivos, coma a libélula ou o champiñón, e compártea cos teus compañeiros.



Os animais e as plantas **relaciónanse** co medio que os rodea.

Os seres vivos **reproducense sexual** ou **asexualmente**.

1 Como poden percibir os animais o que ocorre arredor? Como reaccionan ante as sensacións?

2  Pescuda que é o tempo de xestación nos animais. Por que son diferentes os tempos de xestación en animais distintos?

3 Observa as fotos. De que forma se están relacionando eses seres coa súa contorna?

